

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/20

**CENTRO: CEIP CANOSA-RUS**

**NIVEL: DE 1º A 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

**ÁREA: EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)**

**DATA: 12 DE MAIO DE 2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

No Decreto 105/2014, do 4 de setembro, establécense os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis para as diferentes áreas que compoñen o currículo, relacionando estes entre si, e coas competencias clave e os obxectivos xerais da etapa.

Debido a que a relación entre os diferentes elementos xa queda establecida no currículo, a continuación presentamos unicamente os estándares de aprendizaxe que son considerados mínimos e imprescindibles para superar a área de Educación Musical, relacionados coas competencias que avaliará cada un deles.

En **letra grosa contemplamos os estándares que xa foron avaliados nos 1º e 2º trimestres (non se volverán a avaliar)** e en letra normal os que seguirán sendo reforzados, repasados e ampliados no 3º trimestre.

## **1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

### **1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

<b>Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)</b>	<b>Competencia clave</b>
<b>B1.1. Explora, escoita e describe calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos.</b>	<b>CECC / CAA</b>
<b>B1.5. Identifica e expresa a través de diferentes linguaxes algún dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).</b>	<b>CECC / CAA</b>
<b>B2.3. Reproduce, crea e representa esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.</b>	<b>CCEC / CMCCT / CAA</b>
<b>B3.2. Coñece e valora as posibilidades sonoras de movemento e expresivas do corpo.</b>	<b>CCEC</b>
B1.3. Coñece obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.	CCEC
B2.1. Coñece e utiliza as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son.	CSC / CAA
B2.2. Exercita as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	CCEC / CSC / CAA
B3.1. Realiza pequenas coreografías.	CCEC / CSC

## 2º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
<b>EMB1.1. Explora, escoita e describe calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos.</b>	<b>CCEC / CAA</b>
<b>EMB1.5. Identifica e expresa a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre velocidade, intensidade ou carácter).</b>	<b>CCEC</b>
<b>EMB1.6. Recoñece e clasifica algún instrumento por familias instrumentais.</b>	<b>CSC</b>
<b>EMB3.2. Coñece e valora as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.</b>	<b>CCEC</b>
EMB1.3. Coñece obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.	CCEC
EMB1.4. Comunica as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado.	CCEC / CD
EMB2.1. Coñece e utiliza as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son.	CMCCT / CCEC / CSC / CAA
EMB2.3. Exercita as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando improvisación.	CCEC / CSC / CAA / CMCCT
EMB2.4. Reproduce, crea e representa esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	CCEC / CMCCT
EMB3.1. Realiza pequenas coreografías.	CCEC / CSC

### 3º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
<b>B1.2. Identifica e describe as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.</b>	<b>CCEC / CMCCT</b>
<b>B1.3. Analiza a organización de obras musicais sinxelas e describe os elementos que a compoñen.</b>	<b>CCEC / CAA</b>
B1.1. Utiliza a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.	CCL / CCEC / CSC / CAA
B2.1. Interpreta un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical. (*)	CCEC / CSC / CAA
B2.3. Explora e utiliza as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais e instrumentos.	CAA / CCEC
B3.2. Interpreta un repertorio básico de danzas.	CCEC / CSC

\*Debido á situación excepcional na que nos atopamos, o estándar B2.1. traballarase únicamente de forma individual, xa que o confinamento non nos permite traballalo en grupo.

## 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
<b>B1.2. Identifica as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.</b>	<b>CCL / CAA</b>
<b>B1.3. Analiza a organización de obras musicais sinxelas e describe os elementos que as compoñen.</b>	<b>CCEC / CAA / CCL</b>
<b>B1.4. Coñece e identifica as principais familias de instrumentos, amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas.</b>	<b>CCEC / CAA / CSIEE / CD</b>
B1.1. Utiliza a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras culturas.	CCL / CCEC / CAA
B2.2. Explora e utiliza as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais e instrumentos.	CCEC
B3.2. Interpreta un repertorio básico de danzas.	CCEC / CAA / CSC

## 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
<b>B1.2. Identifica e describe as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.</b>	<b>CCEC / CCL</b>
<b>B1.3. Analiza a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describe os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen.</b>	<b>CCEC / CAA / CCL</b>
<b>B1.5. Coñece e identifica as principais familias dos instrumentos, e identifica as principais características de instrumentos doutras culturas.</b>	<b>CCEC / CAA / CCL</b>
<b>B2.2. Participa en producións musicais sinxelas de xeito desinhibido e pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración.</b>	<b>CCEC / CAA</b>
<b>B3.1. Emprega as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de xeito lúdico.</b>	<b>CCEC / CSC</b>
B1.1. Escoita obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, reconece as diferenzas e/ou as relacións existentes, e fai unha valoración posterior.	CCEC / CSC
B2.3. Explora e utiliza as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos.	CCEC / CAA
B3.3. Improvisa en grupo danzas e movementos rítmicos sobre temas fixados con anterioridade ou con sons extraídos do contexto, expresando sentimentos e sensacións.	CSC / CCL / CAA

## 6º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Estándar de aprendizaxe (mínimo imprescindible)	Competencia clave
<b>EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.</b>	<b>CSC / CCEC</b>
<b>EMB3.1.8. Amosa respecto polas demais persoas e colabora con elas.</b>	<b>CSC</b>
EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. (*)	CAA / CCEC
EMB2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.	CAA / CCEC
EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	CCEC

\*Debido á situación excepcional na que nos atopamos, o estándar EMB2.2.4. traballarase unicamente de forma individual, xa que o confinamento non nos permite traballalo en grupo.



## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<b>Procedementos:</b> Para o seguimento da aprendizaxe a distancia utilizaremos a recollida sistemática do traballo do alumnado (mediante aplicacións telemáticas) e observación posterior para a súa valoración.
	<b>Instrumentos:</b> Escala de estimación e/o listas de cotexo sobre o documentos entregados semanalmente.
<b>Cualificación final</b>	A avaliación e cualificación do alumno adáptase as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como ás actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, polo que en atención ao criterio de avaliación continúa consignarase a cualificación final coa media das dúas primeiras avaliacións (sen esquecer nunca o carácter contínuo da avaliación) podendo ser esa cualificación modificada, sempre en beneficio do alumnado, segundo as condicións e características do traballo desenvolvido desde a suspensión da actividade lectiva presencial nas aulas físicas, e atendendo á adecuación do mesmo, seguimento activo das aprendizaxes e implicación e grao de calidade nas tarefas propostas.

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>As actividades que se propoñen semanalmente expóñense na páxina web do centro, en diferentes entradas por nivel e especialidades. Cólgase un documento en PDF e todos se poden consultar aquí: <a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcanosarus/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcanosarus/</a></p> <p>As actividades propostas teñen a finalidade de repasar, reforzar e ampliar cando se considera posible. Todas elas requiren unha participación activa do alumnado, xa que se acompañan de vídeos de danzas de diferentes estilos e culturas, construción de instrumentos, traballo de ritmo con percusión corporal, vasos ou material de uso cotiá.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p><b>Alumnado con conectividade:</b> todas as semanas achégaselles un documento con unha variedade de actividades motivadoras, coas que se pretende traballar os diferentes bloques da materia a través de vídeos, páxinas web... cos que se fomenta a creatividade, a improvisación, a coordinación, entre outras.</p> <p>A comunicación con este alumnado realízase a través do AbalarMóbil principalmente, e a través do correo electrónico específico, para calquera consulta ou dúbida que poda xurdir. Este correo, é o proposto para que as familias fagan chegas as tarefas que se lle solicitan, e a través do cal reciben a súa corrección. Se hai algunha dificultade técnica manterase un seguimento vía telefónica.</p> <p><b>Alumnado sen conectividade:</b> co alumnado que mostra certos problemas coa conectividade faise o seguimento telefónico para axudar nas tarefas propostas.</p> <p>Esta metodoloxía está aberta a posibles adaptacións que podan xurdir, atendendo as necesidades tanto do alumnado como das súas familias.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Actividades interactivas.</p> <p>Programas gratuítos: Chrome Music Lab...</p> <p>Vídeos Youtube...</p> <p>Correos explicativos.</p>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>A información contida neste documento será trasladada ás familias por medio da páxina web do centro e por medio dun aviso en AbalarMóvil cando estea dispoñible na web.</p> <p>Para calquera dúbida ou aclaración do documento estaremos dispoñibles por medio de correo electrónico, AbalarMóvil e, de ser necesario, vía telefónica.</p>
<b>Publicidade</b>	<p>Publicarase este documento na páxina web do centro.</p>